



Concello de San Cristovo de Cea (Ourense)

Praza Mayor, 1. C.P. 32130-Cea -Ourense. Tfno.: 988.282.000 – Fax.: 988.282.008 – C.I.F.: P-3207700 - J
E-mail – concellodecea@yahoo.es

COMUNICADO

Ante os defectos que o Concello ten constatados en moitos recibos do IBI de Natureza Urbana (Catastro de Urbana) que nos últimos días están recibindo moitos veciños, nos que se perciben aumentos nas valoracións dos bens e cobro de atrasos que os veciños non se poden explicar, este Concello realizou xestións para que os técnicos do Servicio de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Ourense acudan ó Concello de Cea os días que sexa necesario a efectos de examinar cada expediente daqueles veciños interesados que o soliciten, e no seu caso, informalos e asesoralos para a mellor defensa dos seus intereses.

De tódolos xeitos poñemos no seu coñecemento que as valoracións das propiedades (bens inmobles) a efectos dos impostos de contribución, son realizadas pola “Ponencia de Catastro” que depende do “ministerio d Economía y Hacienda” de Madrid, en ningún caso a realiza o Concello. A estas valoracións o Concello aplícalle o índice máis baixo que a lei estatal permite (0,4% do total) que supón unha redución de máis da metade do que terían que pagar. O Concello de Cea, sempre procurou que os veciños paguen o mínimo posible no que atinxe a taxas e impostos municipais, sen que neste caso haxa posibilidade de redución dado que sería ilegal, esa foi sempre a política deste Concello e seguira sendo mentres este Alcalde e o seu grupo de goberno estean ó fronte da administración municipal.

Neste senso é polo que lles solicitamos ós técnicos da Deputación Provincial que acudan ás oficinas do Concello para informar e asesorar a tódolos veciños afectados, onde estarán a súa disposición do 3 ó 6 de febreiro ambos inclusive, das 10.00 horas ás 13:30 horas.

Poñemos tamén no seu coñecemento que o Concello está a súa disposición para adoptar calquera outra medida para a súa defensa ante o organismo que corresponda.

San Cristovo de Cea a 22 de Xaneiro de 2009.

Ø ALCALDE-PRESIDENTE,

ASDO.: José Luís Valladares Fernández.-